

**Directorio de organismos públicos
Ano 2003**

COMUNICADO

**UN TOTAL DE 398 ORGANISMOS CREADOS OU PARTICIPADOS
POLAS ADMINISTRACIÓNS DE GALICIA CONTRIBÚEN Á XESTIÓN
COORDINADA E DESCENTRALIZADA DAS SÚAS COMPETENCIAS**

O directorio inclúe, ademais dos órganos estatutarios e dos xerais das administracións territorial e universitaria de Galicia, un total de 398 organismos e empresas con personalidade xurídica propia, creados ou participados polos poderes públicos para a xestión coordinada e descentralizada das súas competencias.

**O funcionamento de 85 organismos baixo a tutela de máis dunha administración con
competencias en Galicia responde á necesaria coordinación para a xestión eficaz dos servicios
públicos**

Dos 398 organismos que integrarían a administración especial de Galicia, 127 dependen unicamente da administración autonómica, 181 da local, 5 dalgunha das tres universidades, e 85 funcionan tutelados por máis dun nivel administrativo, incluído aquí o estatal.

**Dentre do abano de organismos que pode utiliza-la administración para xestiona-las súas
competencias predominan as fundacións e as sociedades mercantís**

Un total de 92 organismos adoptan a forma legal de fundación. O campo de actuación das fundacións é moi amplo: desenvolvemento comarcal, actividades sanitarias, promoción cultural, organización de feiras e exposicións, etc.

No directorio figuran 74 sociedades mercantís participadas polas administracións de Galicia

Dentro do grupo de sociedades cómpre diferencia-las participadas integramente (38) e as participadas parcialmente(36) polos poderes públicos. Utilizando o criterio máis restrictivo de considerar públicas só as participadas en máis do 50%, pertencerían ó sector público empresarial de Galicia 57 sociedades. Destas 57 sociedades, 14 están participadas unicamente pola administración autonómica, 26 pola local, 3 polas universidades e 14 son de natureza mixta, é dicir, no seu capital e xestión participan máis dun nivel administrativo.

Na administración local destacan as mancomunidades como formas de xestión supramunicipal

As 41 mancomunidades existentes e os 25 concorcios con participación da administración local teñen como obxectivos a prestación de servicios, a realización de actividades ou a defensa de intereses comúns. En Galicia non existen outras entidades de xestión supramunicipal como as áreas metropolitanas. Si figuran no directorio 9 entidades menores creadas polos concellos para a administración descentralizada en núcleos de poboación espallados.

A institución máis antiga é a Universidade de Santiago creada no ano 1495

A meirande parte dos concellos xa estaban constituídos a mediados do século XIX. No primeiro tercio do século pasado tamén estaban creadas as catro deputacións e moitas das confrarías de pescadores tuteladas hoxe pola Xunta de Galicia.

Só o Sergas, a Xunta, as catro deputacións, as tres universidades, os concellos das sete grandes cidades e os de Arteixo, Pontareas e Vilagarcía teñen máis de 250 asalariados

O 40% de organismos ten menos de dez asalariados e o 34% supera esta cifra sen acadalos cincuenta asalariados. Só en 174 organismos se superan os 49 asalariados.

No sector público empresarial destacan as sociedades de produción e distribución de enerxía e as dedicadas á promoción da cultura e do deporte

Outras ramas de actividade con presenza de capital público son a promoción urbanística, a intermediación financeira e os servicios de orientación e asistencia ás empresas.

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es